



Nada en Bos Aires en 1954, **Mercedes Roffé** é unha das voces máis recoñecidas da poesía latinoamericana actual. Reparte o seu tempo entre a súa cidade natal e Nova York, dende onde dirixe o selo Ediciones Pen Press, dedicado a publicar poesía contemporánea de España e Latinoamérica, así como doutras linguas en tradución.

Despois dun poemario de debut editado en Madrid –*Poemas* (1977)– xa en Arxentina publicou os libros de poesía *El tapiz* (1983), *Cámara baja* (1987; 1996), *La noche y las palabras* (1996; 1998), *Canto errante* (2002), *Memorial de agravios* (2002), *La ópera fantasma* (2005) e *Las linternas flotantes* (2009). En 2000, ve a luz en Caracas *Antología poética*, no 2005 sae en Tenerife *Milenios caen de su vuelo. Poemas 1977-2003*, en 2011 en Madrid *Canto errante seguido de Memorial de agravios*; en 2012 reedítase *La ópera fantasma* entre Madrid e México, igual que o fai en 2014 *Carcaj: Vislumbres*. En Sevilla saíu do prelo o seu último e recentísimo título: *Diario ínfimo* (2016). Ademais desta bibliografía, libros seus editáronse en Italia, o Quebec, Romanía e o Reino Unido.

Participando adoito en eventos internacionais, recibiu –entre outras distincións– as bolsas John Simon Guggenheim (2001) e Civitella Ranieri (2012).

XVIII.

*ahhh, flor radiante
belleza radiante
vibración radiante
agua y temblor
escalofrío y piedra*

*ahhh mundo y río y sinrazón radiante
millones de estrellas radiantes
noche oscura y radiante
millones de bocas-pétalos
radiantes nubes, peces, pájaros
árboles y selvas
nieve y rocío
torrente, abismo, fuego radiante
musical*

*oh refulgente
nada
numinosa*

*lumínico
pan nuestro*



(MERCEDÉS ROFFÉ)

Luns **13** de xuño
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Eduardo Estévez





Eduardo Estévez naceu en 1969 en Bos Aires, onde viviu ata os 20 anos. Tras un paso de catro anos por Caracas (durante o que traduciu uns cantos poetas brasileiros para o español ou editou unha breve antoloxía de Alejandra Pizarnik), instalouse en Galicia, onde ten publicado xa un bo feixe de títulos en lingua galega. Entre eles salientan *só paxaros saíron desta boca* (1998, Accésit do Premio Miguel González. Garcés), *lúa gris* (1999, Finalista do Premio Tivoli Europa), *caderno apócrifo da pequena defunta* (2003, Premio Eusebio Lorenzo Baleirón), *derrotas* (2004, Premio Concello de Carral), *construcións* (2008) e *entrar na casa* (2015).

É autor de diversos proxectos literarios na rede como “en construción”, “esca e pedra” ou “de baleas”. Algúns textos seus foron traducidos ao castelán, inglés e italiano para edicións dixitais e impresas; tamén el mesmo traduciu para o castelán poetas como Nuno Júdice, Xosé M. Álvarez Cáccamo, Xavier R. Baixeras, Xela Arias ou Manuel Forcadela, e para o galego a Alejandra Pizarnik e a Georges Perec. Ademais, foi fundador e membro do consello editorial de *Letras de Cal* e de *Retagarda Edicións*, e tamén fixo parte do Consello Directivo da AELG.

Dirixiu obradoiros literarios en diferentes lugares do país, e na actualidade é coordinador do Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé para autores e autoras inéditas.

*unha balea varada na praia
estorrece como a ruína dun imperio*

*é unha postal imposíbel
no centro da paisaxe*

*treme o aire que paira
inmóbil ao seu redor*

*e non ten
esa tensión do horizonte
senón acaso a conciencia de ser
ela mesma todo un final*

*a balea é un deus caído
unha espera deitada*

*se falas con ela
parecerá que escoita a túa dor
e devolve preamar*

*uns nenos achéganse
pés na area fría
observan con distancia*

*a balea non pode moverse
pero non é o seu cheiro
o que estorrece*

*acaso sexa
a inmensidade da metáfora*



(EDUARDO ESTÉVEZ)

Luns **13** de xuño
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Mercedes Roffé

